

COTAS ASOCIATIVAS

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop

O sistema de cotas da Unión de Cooperativas EspazoCoop está baseado nunha diferenciación por clases, en base á dimensión e características das distintas tipoloxías de cooperativas que conforman a asociación.

Establécese unha diferenciación de **cotas ordinarias** e extraordinarias. As primeiras son as cotas que en función da clase, pagará calquera cooperativa asociada para formar parte da Unión e ser beneficiarias dos distintos servizos que se ofrecen (representación, asesoramento, acompañamento, formación,...). As **cotas extraordinarias** se lles aplicará ás cooperativas agrupadas sectorialmente para unha atención ás súas necesidades de xeito específico (representación nacional, asesoramento sectorial, actividades específicas) en función da dedicación por parte do equipo técnico e dos gastos aparellados. A cota a pagar será a resultante da suma da cota ordinaria e da extraordinaria.

COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO e EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA

DIMENSIÓN	COTA ORDINARIA/mes	COTA ANUAL
2-5 socios/as	8€/mes	96 euros
6-10 socios/as	16€/mes	192 euros
11-20 socios/as	24€/mes	288 euros
21-50 socios/as	32€/mes	384 euros
+50 socios/as	40€/mes	480 euros

Sistema de cobro: cargo en conta nun único pago a metade de ano. Para as cooperativas de nova incorporación, a cota do primeiro ano será proporcional ao período do ano no que teñan a condición de asociadas. Se a incorporación ten lugar no segundo semestre cobrarse a cota a finais de ano.

COOPERATIVAS DE ENSINO (de traballo asociado)

DIMENSIÓN	Cota ordinaria	Cota extraordinaria da sectorial	COTA ANUAL	COTA TRIMESTRAL
3-5 socios/as	8€/mes	68€/mes	912 euros	228 euros
6-10 socios/as	16€/mes	79€/mes	1.140 euros	285 euros
11-20 socios/as	24€/mes	91€/mes	1.380 euros	345 euros
21-50 socios/as	32€/mes	99€/mes	1.572 euros	393 euros
+50 socios/as	40€/mes	107€/mes	1.764 euros	441 euros

Sistema de cobro trimestral: cargo en conta cumprido o trimestre correspondente. Para as cooperativas de nova incorporación, a cota do primeiro ano será proporcional ao período do ano no que teñan a condición de asociadas. Se a incorporación ten lugar no segundo semestre cobrarse a cota, que corresponda, a finais de ano.

COOPERATIVAS DE CONSUMO e COOPERATIVAS DE SERVIZOS

DIMENSIÓN	COTA	COTA ANUAL	COTA TRIMESTRAL
Ata 100 socios/as	12,5€/mes	150 euros	37,50 euros
101-200 socios/as	25€/mes	300 euros	75,00 euros
201-300 socios/as	37,5€/mes	450 euros	112,50 euros
300-500 socios/as	50€/mes	600 euros	150,00 euros
+500 socios/as	62,5€/mes	750 euros	187,50 euros

Sistema de cobro trimestral: cargo en conta cumprido o trimestre correspondente. Para as cooperativas de nova incorporación, a cota do primeiro ano será proporcional ao período do ano no que teñan a condición de asociadas. Se a incorporación ten lugar no segundo semestre cobrarse a cota, que corresponda, a finais de ano.

NORMAS XERAIS

- En casos extraordinarios, e sempre en función da situación económico-financeira acreditada, poderanse establecer períodos de carencia no cobro da cota, cun máximo dun ano.
- O impago da cota, sen xustificación, supón a baixa da Unión de Cooperativas.
- As cooperativas socias deberán facilitar, anualmente, o número de persoas socias, sen prexuízo doutros datos que podan ser solicitados a efectos estatísticos.